



O PP NÉGASE A RECUPERAR O CONSENSO EN TORNO Á LINGUA AO SE CUMPIREN 10 ANOS DO PXNLG

A Plataforma cidadá Queremos Galego reivindicou un compromiso real e efectivo co Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega coa lectura pública dun manifesto ás portas do Parlamento de Galiza. **Px. 4**

A ESMORGA LEVA O GALEGO AOS CINES DAS VILAS E CIDADES DE TODO O PAÍS

O 21 de novembro estrearase o novo filme de Ignacio Vilar. Será a primeira vez que unha película galega se exhiba conxuntamente en todas as salas de cine de Galiza. A nosa responsabilidade como espectadores é facer deste acontecemento un éxito de público. **Px. 5**

ANDROID 5.0 FALA GALEGO

As novas versións do sistema operativo máis popular entre os smartphones virán co galego de serie, un fito con importantes repercusións para a nosa lingua. Entrevistamos a Iago Varela, coordinador da campaña #AndroidEnGalego que o fixo posíbel. **Px. 8**

INICIATIVA POR UN DÉPOR EN GALEGO

Accionistas do club coruñés e A Mesa iniciarán unha campaña para corrixir a denominación oficial do equipo. **Px. 3**

EDITORIAL

Nace hoxe *Somos Galego* unha nova publicación da Mesa pola Normalización Lingüística inserida no semanario *Sermos Galiza*.

Unha ferramenta para a información, o debate e o contraste de ideas para reverter o proceso de substitución lingüística en Galiza

Esta publicación nace coa idea de informar das novidades arredor da nosa lingua, sexan denuncias, información sobre acontecementos relevantes, pequenos ou grandes avances e por suposto entrevistas que nos axuden a termos unha panorámica ampla da situación que vive a lingua día a día.

Manteremos tamén seccións fixas e participativas nas que as e os lectores sexan protagonistas e proponan dúbidas e respostas ás cuestións que como falantes queremos resolver. Estas seccións serán as de toponimia, dereitos lingüísticos e a utilización da lingua e información sobre empresas ou produtos que teñen o galego como lingua normal das súas relacións comerciais.

Calquera das inquiredanzas que se teñan en relación a estas seccións, poderanse enviar a amesa@amesa.gal ou comentar a través das redes sociais.

Sae á luz esta publicación cando se veñen de publicar os datos do IGE sobre o uso do galego que non veñen máis que a confirmar a tendencia lóxica derivada non só da falta de compromiso senón dos ataques continuados á nosa lingua desde o actual poder político galego ou español. Uns ataques amplamente sinalados no amplo relatorio de incumprimentos da Carta Europea das Linguas que A MESA presentou ao Comité de Expertos do Consello de Europa que avalía a súa aplicación. Ou no informe elaborado para denunciar a situación na que nos atopamos aos 10 anos da aprobación por unanimidade do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega onde se mostran as innumerábeis barreiras que fan que dez anos despois deste amplo acordo seguamos igual ou en moitos casos peor que en 2004.

Esa é a situación no ensino, onde por primeira vez na historia da autonomía está prohibido ministrar en galego as materias do ámbito científico como matemáticas, ou vemos a nosa lingua eliminada da Educación Infantil nas cidades.

Mais son outros moitos sectores nos que o galego non está en condicións mínimas de igualdade, onde a opción de escoller o galego non existe, ou de existir, a súa escolla aparella molestias difíciles de aturar, que marcan diferenzas segundo a lingua que se fale, e onde quen fala galego sempre ten as de perder.

Para comprobalo basta con ver o que acontece ao solicitar un documento público en galego. Alugar ou comprar unha casa, atopar impresos en Facenda, ou casar, require engadir moita forza de vontade se se quixer facer en galego. Por non falar de que non temos posibilidade de vermos filmes na nosa lingua nin sequera en DVD cando si hai unha oferta ampla noutros idiomas.

A nosa lingua precisa de reposición, de contar con plena normalidade en todos os espazos que lle corresponde como lingua do país. Facela de facto lingua oficial da nación, de sacala da prisión da ritualidade oficial.

Á normalidade que tanto necesitamos para nós e o noso idioma, queremos contribuir coa ferramenta da información, do debate, do contraste de ideas para reverter o proceso de substitución lingüística en Galiza. Sabemos que non é suficiente con isto

A nosa lingua precisa de reposición, de contar con plena normalidade en todos os espazos

mais tamén precisamos facer visíbel a situación da nosa lingua e exixir os dereitos que lexitimamente nos corresponden.

Somos galego será unha ferramenta para acadar a liberdade que nos permita vivir en galego con total normalidade no noso propio país e facilitar a instalación na nosa lingua de todas as persoas que o desexan mais que só atopan barreiras para facelo. Un espazo para nos coñecermos, para denunciarmos, para partillarmos e parabenizar as iniciativas que abren a porta da esperanza.

Somos galego. Unha evidencia tantas veces oculta como a propia realidade do pobo galego. Queremos que o galego, Galiza, viva, e participar coa lingua dun pequeno espazo informativo que nos cede *Sermos Galiza* o único semanario editado integramente no noso idioma.



Abertos ao galego

Unha rede de empresas para promover o galego no ámbito socioeconómico.

Abertos ao Galego é un certificado que ten o obxectivo de promover o uso do galego no ámbito empresarial. Abertos ao Galego é unha ferramenta para o apoio e promoción da actividade das empresas que forman parte do certificado, ademais de pólitas en contacto cun público que elixe, cando ten a opción, consumir produtos e servizos en galego. En Abertos ao Galego hai espazo para empresas moi diversas e de ámbitos moi diferentes.

O GALEGO COMO ELEMENTO DIFERENCIADOR

As empresas que participan de Abertos ao Galego son a vangarda no uso do galego como marca de calidade. Ademais, este proxecto quere reforzar a idea da lingua galega como elemento de diferenciación.

QUE PODE FACER ABERTOS AO GALEGO POLA TÚA EMPRESA?

- Publicidade da vosa actividade. Abertos ao Galego é unha ferramenta publicitaria que chega directamente a un público especialmente interesado en servizos e produtos en lingua galega.

- Deseño de actividades de promoción do galego no voso sector. Desde Abertos ao Galego promovemos actividades e potenciamos fórmulas de colaboración entre empresas con obxectivos, problemas e potencialidades semellantes, tentando aproveitar recursos comúns.

- Rede de empresas en galego. En Abertos ao Galego hai moitas empresas que poden ofertarvos servizos a un prezo máis competitivo.

- Asesoramento e colaboración. A Mesa pola Normalización Lingüística, creadora de Abertos ao Galego, pon os seus recursos e a súa experiencia á disposición das empresas de Abertos ao Galego.

QUE PODE FACER A TÚA EMPRESA POR ABERTOS AO GALEGO?

- Pagando a túa cota anual contribúes a que Abertos ao Galego se fortaleza.

- Ofrecendo descontos ou servizos especiais ás empresas de Abertos ao Galego e aos socios e socias da Mesa pola Normalización Lingüística contribuirás á actividade dos outros membros de Abertos

Desde Abertos ao Galego promovemos actividades e potenciamos fórmulas de colaboración entre empresas con obxectivos, problemas e potencialidades semellantes

e facilitarás o acceso doutras persoas a servizos e produtos na súa lingua.

- Suma a túa rede. No teu sector, na túa comarca ou entre os teus coñecidos e as túas coñecidas hai moitas empresas que usan o galego e concordan con Abertos ao Galego no obxectivo de potenciar a nosa lingua neste en outros ámbitos. Ti podes contribuír a sumar máis apoios e dese xeito fortalecer tamén a rede de empresas en galego.

- Mantendo os compromisos do certificado contribúes ao éxito dos obxectivos de Abertos ao Galego, e axudas a demostrar que é posíbel levar a cabo unha actividade empresarial exitosa na nosa lingua.



A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

MÁISNOVAS

A Mesa apoia a iniciativa de accionistas e socios e socias do club coruñés por un Dépor en galego

A Mesa pola Normalización lingüística colaborará co grupo de accionistas e socias e socios do Deportivo da Coruña que se están a organizar para reclamar unha maior galeguización do club, comezando por corrixir na denominación oficial do equipo e no seu escudo o topónimo da cidade que lle dá nome na súa única forma lexitima e legalmente válida, isto é, A Coruña.

Os accionistas promotores da iniciativa e A Mesa acordaron iniciar unha campaña dirixida tanto á directiva do equipo como ao resto de ac-

cionistas e ás propias seareiras e seareiros para que aposten por mudar o seu nome oficial a "Real Club Deportivo da Coruña, S.A.D." Así, agora que a nova segunda equipación do Dépor leva na camisola a bandeira galega, co grande éxito que tivo entre a afección, ten menos sentido aínda que o continúe a facer cun escudo que non respecta o galego nin o nome da cidade.

A asemblea que a sección local da Mesa realizará o vindeiro 4 de novembro na Coruña será o punto de partida para ultimar esta campaña.



O PP négase a recuperar o consenso en torno á lingua ao se cumpriren 10 anos da aprobación unánime do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega

O pasado mes de setembro, ao se cumpriren 10 anos da aprobación por unanimidade do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, a Mesa presentaba un informe que analiza a situación actual da nosa lingua en relación ao nivel de cumprimento dos obxectivos e medidas contemplados no PXNLG e na actitude que mantén a actual Xunta de Galiza ao respecto. Nesta avaliación e grazas ao que a entidade tivo oportunidade de constatar nestes anos polas denuncias e queixas que lle chegan cada día, a asociación en defensa da lingua galega concluíu que "o nivel de incumprimento dos obxectivos e medidas do Plan Xeral é escandaloso".

Amais da Mesa, moitas outras organizacións sociais comprometidas co galego lembraban a efeméride e reclamaban da Xunta a volta ao consenso que supuxera o PXNLG. A resposta do conselleiro Vázquez foi renegar do Plan Xeral e reduci-lo a unha simple "referencia" que non tiña obriga de seguir... ao tempo que o PP rexeitaba no Parlamento aprobar unha proposición non de lei presentada polo BNG e apoiada por todos os grupos da oposición que instaba a Xunta a aplicar as medidas a favor do galego aprobadas polo Parlamento 10 anos atrás.

Neste contexto, o Secretario Xeral de Política Lingüística respondía co anuncio dun acto oficial no Parlamento para "celebrar" o décimo aniversario do Plan, que foi interpretado como un mero lavado de cara ante as críticas recibidas e un exercicio de cinismo tras a constatación explícita de que o goberno non ten intención ningunha de aplicar o Plan Xeral.

A observación da política lingüística levada a termo polo Goberno da Xunta nestes últimos cinco anos evidencia non só que non se están a aplicar as medidas acordadas no PXNLG, senón que en moitos casos se está a legislar en sentido contrario, e para imposibilitar na práctica a consecución dos obxectivos marcados no mesmo, como demostra de xeito paradigmáticos o caso do ensino e o decretazo contra o galego, que supuxo unha involución sen precedentes. Desde a súa volta á Xunta en 2009, o PP dedicouse a desmantelar un por un todos os acordos en torno á lingua.

Como resposta a esta actitude, o pasado 22 de outubro unha representación da Plataforma cidadá Queremos Galego fixo lectura pública do "Manifesto por un compromiso real e efectivo co Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega" ás portas do Parlamento de Galiza, denunciando o cinismo da Xunta que evidenciaba



Lectura pública do manifesto "Por un compromiso real e efectivo co PXNLG" diante do Parlamento.


no acto oficial montado para "celebrar" o décimo aniversario do PXNLG.

A poeta Marta Dacosta en representación da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, a técnica de normalización Queca Carballo, en representación da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua, a actriz Isabel Risco, o músico Mini, integrante d'A Quenlla, Goretti Sanmartín do BNG, Anxo Louzao en representación da CIG-Ensino, Marián Muíño en representación de APRADOGA (Asociación de profesionais da rama artística da dobraxe de Galicia), Lucía Veciño en representación de Galiza Nova, e Marcos Maceira, presidente da Mesa e portavoz de Queremos Galego, leron este manifesto antes de o entregar no Rexistro da Cámara galega dirixido a todos os grupos parlamentares.

Queremos Galego denunciou deste xeito o desmantelamento do Plan e a política antigalego que aplica este goberno, acusando a Xunta de organizar un acto "para se riren do doente" cando vén de renegar no Parlamento do Plan Xeral e rexeitar unha proposición non de lei que o instaba simplemente a aplicar o que fora aprobado por unanimidade dez anos atrás, cando o número de falantes de galego se reduce ano a ano (os últimos datos oficiais amosan unha caída de 13 puntos no número de galegofalantes en só dez anos), cando na realidade cotiá o galego non é realmente lingua oficial no seu propio territorio.

A plataforma criticou que a Xunta se escudase neste acto tras o empresariado que si utiliza a lingua galega e lembrou que a Xunta eliminou todas as axudas existentes á galeguización da empresa, como evidencia o propio fechamento do Servizo de Normalización Lingüística da Confederación de Empresarios de Galicia que permanece inactivo desde 2012 pola falta de colaboración da SXPL.

Coa entrega deste manifesto, Queremos Galego exixiu aos grupos parlamentares e especialmente ao Goberno da Xunta que retorne ao consenso de 2004 e cumpra coa obriga de potenciar a lingua galega, que asuma un compromiso explícito e efectivo co PXNL e implemente actuacións legislativas que desenvolvan o contemplado nas medidas do PXNL, a posta en marcha inmediata das medidas contempladas no PXNL, coa aprobación dun calendario que comprometa fases, prazos de execución, etc., e finalmente a derogación de todas as disposicións legais contrarias ao PXNL nomeadamente do Decretazo 79/2010 contra o galego, e as relacionadas co ensino e coa administración.



A Mesa denunciou os incumprimentos da Carta Europea das Linguas ante o Consello de Europa

O relatorio elaborado pola Mesa no que se analizan os principais incumprimentos da Carta en Galiza está a ser presentado por todo o país.

O pasado 6 de outubro A Mesa reuniuse co Comité de Expertos do Consello de Europa para a avaliación do cumprimento por parte do Estado Español da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, ratificado polo Estado en 2001, no marco dos traballos que o Comité de Expertos está a desenvolver para elaborar o seu cuarto informe con respecto a España, que forma parte do mecanismo de control que a propia Carta prevé para avaliar como se está a aplicar nos diferentes Estados.

A Mesa pola Normalización Lingüística criticou nesta reunión a parcialidade e falta de rigor e veracidade da información presentado polo Estado no seu *Cuarto informe sobre o cumprimento da Carta Europea das Linguas*. A entidade en defensa da lingua entregou a este

Comité de Expertos un relatorio (que se pode descargar desde www.amesa.gal) no que analizan os artigos da Carta que se incumpriron neste período de avaliación, salientando que o seu nivel de cumprimento é mesmo inferior ao dos anteriores períodos de avaliación.

Entre estes incumprimentos salientan as limitacións para o ensino en galego que introduciu a Xunta co decretazo contra o idioma e o Estado coa LOMCE, non disponibilizar material pedagóxico en galego para as materias que se deberían impartir neste idioma, como Formación Profesional ou moito do programa Abalar. En canto á formación de adultos, denunciou a precarización da oferta de cursos de galego e a situación que está a atravesar o profesorado CELGA despedidos ilegalmente. No ámbito da xustiza a lexislación española continúa a non garantir os dereitos recoñecidos pola Carta, e a propia administración dificulta o uso do galego a aqueles xuíces e xuízas que o empregan, non disponibilizando lexislación consolidada en galego ou implantando o sistema informático Minerva, que dificulta o traballo nesta lingua até facelo imposible. No ámbito da administración, denunciouse a modificación na

Lei da Función Pública para ningunha das probas de acceso fosen na nosa lingua, os problemas de atención á cidadanía en galego nas Administración Local derivados da privatización de servizos, as dificultades para dirixirse en galego á Administración do Estado, etc. Entre outros aspectos recollidos neste relatorio, tamén destacan a falta de acción pública de fomento de galego nos medios de comunicación, a imposibilidade de acceso ao audiovisual galego ou traducido ao galego nas canles comerciais; ou as dificultades para ter a opción de utilizar o galego nas documentación, información ou relacións comerciais e bancarias, ou a desprotección dos consumidores e usuarios para facer valer os seus dereitos lingüísticos ante as empresas.

Dada a importancia de que a cidadanía coñeza este tratado internacional que ampara os nosos dereitos lingüísticos, A Mesa está a organizar presentacións deste relatorio por todo o país. Ferrol e Ourense acolleron as primeiras, que nos próximos días se repetirán na Coruña, Vigo, Salceda, Foz, Pontevedra, etc.

MÁISNOVAS

A estrea d'A Esmorga levará o galego aos cines das vilas e cidades de todo o país o próximo 21 de novembro

A fin de semana do 21 de novembro é unha data que todas e todos debemos marcar nas nosas axendas. Ignacio Vilar, director de *Pradolongo* e de *Vilamor* está a piques de estrear o seu novo e agardado filme, unha adaptación cinematográfica do clásico de Eduardo Blanco Amor que promete ser o acontecemento deste outono. Protagonizada polos actores galegos Miguel de Lira e Antonio Durán "Morris" e mais o vasco Karra Elejalde, *A Esmorga* defínese como a "crónica tensa e intensa de vinte e catro horas na vida de tres homes, compañeiros de esmorga que, deixando un regueiro de destrución, de sexo equívoco e reprimido, van fechando portas tras si e guindando coas chaves, como para non querer volver, tal coma se adrede camiñaran á súa perdición." Xa está en funcionamento o sitio web do filme, www.aesmorgafilme.com, onde se pode consultar toda a información relacionada coa película.

A cidade das Burgas, onde se ambienta a historia, acollerá o sábado 15 de novembro a agardada presentación mundial do filme no marco da apertura da XIX edición do Festival de Cine Internacional de Ourense (OUFF). Mais será o día 21 de novembro cando se estree comercialmente nas salas de cine de todo o país. Rodada en galego, *A Esmorga* estrearase na nosa lingua con 50 copias distribuídas polos cines das cidades e vilas de toda Galiza (25 en formato cine e outras 25 copias en *blu-ray*). Será a primeira vez que unha película galega se exhiba conxuntamente en todas as salas de cine de Galiza, polo que é a nosa responsabilidade como espectadoras e espectadores facer deste acontecemento un éxito.

É moi importante que o público amosemos o noso apoio ao cine galego e en galego nas salas comerciais para que este tipo de estreas deixen de ser noticia e se convirten en algo habitual, pa-

ra lles demostrarmos ás produtoras, distribuidoras e demais compañías do sector que realmente demandamos ver filmes na nosa lingua nas salas galegas. O día 21 temos a mellor oportunidade de o facer acudindo ao cine. Que ninguén chegue tarde!



TOPONIMIA

A VOLTAS CO NOME DE GALIZA E DOS GALEGOS

Tanto temos que normalizar que até o nome do noso País está en cuestión.

Por César Varela
Profesor e
activista cultural

Dúas cuestións aparecen asociadas ao nome da nosa Terra:

1ª) Cal é a denominación correcta, GALIZA ou GALICIA?

2ª) De onde procederá semellante palabra?

No caso primeiro non temos dúbida de que o nome que debemos usar é o de GALIZA, que é a evolución final dunha GALLAECIA latina.

Así o utilizan os portugueses, onde se deu a evolución natural sen interferencias políticas e así aparece nos documentos galegos cando son antigos, redactados por galegos e anteriores á "doma".

A outra escrita, a de GALICIA, dáse cando o notario ou o crego non é galego, ou escriben desde fóra (da terra de foris).

O nome de GALICIA ficaría como un arcaísmo ou dialectalismo, semellante á pronuncia que ás veces temos escoitado de "forcia" en lugar de "forza".

Hai pouco ten aparecido unha disputa semellante alor da pertinencia de PULPO e POLBO.



A arcaizante palabra PULPO, aínda sen desenvolver a partir do orixinal PÓLIPUS (seguramente traído polos maragatos desde hai tempo), disputa o lugar do xa evoluido POLBO no galego moderno, á par do veciño POLVO portugués.

A discusión preséntase como filolóxica e sociolóxica pero, como sempre, na verdade agacha un debate totalmente ideolóxico.

Non é difícil de comprender a ideoloxía e o minusválido país que desexan os que apoian o triunfo de palabras como : GALICIA, PULPO e por que non, PUEBLO e SUERTE (que é o que di a xente!).

Os lacaios queren levar á categoría de normal as servidumes e miserias históricas do noso País.

Frente a eles estamos os que loitamos por un futuro onde sexan normais as palabras tan nosas como POLBO, POBO e SORTE nesa GALIZA sen pexas que soñamos.

Abordar a segunda cuestión, de cal será o significado dese nome de GALIZA, que loce a nosa Terra desde o fondo do tempo, será cuestión máis difícil e nun próximo traballo trataremos de expor a nosa modesta opinión.

Após séculos de abandono, desprestixio, interferencia foránea e falta de cultivo académico, é normal que a lingua galega presente dificultades para a conformación dun modelo acaído e estábel tanto na expresión oral como na escrita, embora nesta os avances sexan moito maiores. O acordo normativo de 2003, a pesar das súas evidentes limitacións, foi un paso decisivo no camiño da construción dese modelo de lingua cada vez máis auténtico e eficaz.

Outro paso importante, a meu ver, foi a aprobación no Parlamento galego en marzo de 2013 da ILP Valentín Paz-Andrade, transformada un ano máis tarde (DOG 8-04-2014) en Lei para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía. Alén do apoio unánime de todas as forzas políticas parlamentares, convén resaltarmos a ausencia de reparos do Goberno español, o cal demostra a eficacia da negociación política. Nesta desempeñaron un papel destacado, sen dúbida, a intelixencia e a xenerosidade da comisión promotora da ILP, das organizacións reintegracionistas que lle deron cobertura e dos grupos políticos, incluído o maioritario. Acho que a política lingüística seguida polo Goberno autónomo desde marzo de 2009 é nefasta, nomeadamente no ámbito educativo, e está a causar un dano ao galego, se callar, irreparable. De todas as formas, de ter que mencionar unha medida positiva daquel, habería que citar o apoio a esa lei e saudar con satisfacción a presenza dun representante da Xunta en

Braga o día 8 de outubro nun encontro de países de expresión galego-portuguesa. Oxalá que sexa o inicio dunha nova etapa!

Para poderemos garantir o seu futuro, o galego necesita deter a perda constante de falantes, maior aínda da que se detecta nos últimos datos do IGE, mais tamén frear o proceso de degradación interna por castellanización das súas estruturas. Cómpre, pois, reconstruírmos a calidade da lingua e para tal obxectivo sería insensato prescindirmos da grande axuda do portugués. Xa van sendo horas de reconecermos, con naturalidade, que a lingua galega ten hoxe dúas variedades ou normas cultas: unha norma interna (NOMIG-03) e unha norma internacional, a portu-

guesa. Independentemente de que a primeira sexa a maioritaria e, en certo modo, obrigada na Administración e no ensino, a segunda non pode ser ignorada e moito menos reprimida, alén de servir de guía para a mellora da primeira. Na intelixente combinación destas dúas vías normativas debe achar o galego a súa calidade e o seu prestixio, garantía do seu futuro.

PARA MELLORARMOS A CALIDADE DA NOSA LINGUA E GARANTIRMOS O SEU FUTURO

Por Xosé Ramón
Freixeiro Mato
Catedrático de Filoloxía
galega na UDC



Nos últimos días A Liña do Galego, un servizo ofrecido pola Mesa para tramitar consultas, queixas e parabéns relacionados cos dereitos da comunidade lingüística galega, recibiu varias queixas en relación a compañías como Canal + ou o *Banco Santander* que recriminaron a varias clientes por se dirixiren aos seus servizos de atención por medio de correos electrónicos escritos en galego.

Mentres *Canal+* respondía cun "Sentimos informarle de que desde nuestro Centro de Servicio al Cliente sólo nos es posible atender las comunicaciones realizadas en español", no caso do *Banco Santander* amosábanse máis internacionais e sinalaban: "En referencia a la consulta que nos plantea con fecha xxx, le informamos de que para poder atender su petición, es necesario que nos remita su solicitud en alguno de los siguientes idiomas: a) Español, b) Inglés, c) Francés".

Se isto sucede nas comunicacións escritas, na atención telefónica estamos acostumados a casos aínda máis exasperantes e insufríbeis... mesmo dalgunhas compañías que nos chaman para convencernos de mercar o seu produto temos

Temos dereito a dirixirnos en galego á empresa privada? Pode unha compañía da que somos clientes pedirnos que non nos dirixamos a eles en galego?

que aturar que nos berren por falarmos na nosa lingua, nunha técnica de marketing das máis estafalarias e supomos que menos efectivas que se coñecen.

Todos temos claro que en Galiza temos dereito a dirixirnos en galego á administración, mais, que pasa no ámbito da empresa privada? Son lexítimas estas indicacións co argumento de que a compañía é de fóra de Galiza? Pode unha compañía da que somos clientes pedirnos que non nos dirixamos a eles en galego?

Non, non pode. Alén da lexislación xeral que establece a oficialidade do galego e o dereito que temos a usármolo e non sermos discriminadas nin discriminados por facelo (como o *Estatuto de Autonomía* ou a *Lei de normalización lingüística*), na nosa condición de consumidoras a *Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias* reconece no seu artigo 46 uns dereitos lingüísticos mínimos (moi mínimos). Literalmente indica:

1. Os consumidores, nas súas relacións de consumo, teñen dereito a usar calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galiza, sempre e cando a contratación se realízase ou o consentimento se manifestase no territorio da Comunidade Autónoma de Galiza, así co-

CONSULTORIO DALIÑADOGALEGO

Pode unha compañía da que somos clientes pedirnos que non nos dirixamos a eles en galego?



Utiliza a liña do galego

ALIÑADOGALEGO

902 10 64 74 | linhadogalego@amesa.gal

mo nos supostos de publicidade, ofertas, promocións ou comunicacións comerciais recibidas en Galiza.

Non é a única disposición legal que sinala a obriga das empresas a respectar a lingua dos seus clientes cando é oficial nese territorio, particularmente aquelas prestadoras de servizos. Así, a *Lei 1/2010, de 11 de febreiro, (...) relativa aos servizos no mercado interior*, recolle na súa disposición adicional sexta que "os prestadores de servizos que operen en territorio da Comunidade Autónoma de Galiza, con independencia do lugar de establecemento orixinario, deberán respectar o marco legal vixente en materia lingüística" e reconece que "para estes efectos, favorecerán a normalización progresiva do uso do galego na prestación dos seus servizos e deberánlles ofrecer aos seus destinatarios a posibilidade de manter en lingua galega".

Do mesmo xeito, a *Carta europea das linguas* ratificada polo Estado español (BOE núm. 222, 17-09-2001), sinala nos parágrafos 3 e 4 do seu artigo 10 que se debe garantir o uso do galego nos servizos públicos, tanto se están proporcionados polas autoridades administrativas como por outras persoas físicas ou xurídicas.

QUE DEBEMOS FACER ANTE ESTAS SITUACIÓNS?

Ao igual que se a empresa vulnerase calquera dos outros dereitos recollidos na *Lei xeral de protección das persoas consumidoras e usuarias*, o primeiro que debemos facer é presentar unha denuncia formal ante o Instituto Galego de Consumo, cubrindo o impreso de Folla de Reclamación que podemos descargar desde www.igc.xunta.es. Este impreso haino que presentar nalgunha das oficinas do IGC, indicando os feitos que se denuncian e sinalando a lexislación que vulnerou a empresa. É conveniente que nos fagas chegar unha copia da túa queixa á Mesa onde poderemos asesorarte, darlle eco e facermos un seguimento do caso (o correo de contacto da Liña do Galego é: linhadogalego@amesa.gal). Tamén convén enviar outra copia á Secretaría Xeral de Política Lingüística (sxpl.secretaria@xunta.es), que como departamento do Goberno galego responsábel de garantir os dereitos lingüísticos está na obriga de tramitar e responder a nosa queixa. Actívatelo! Defende os teus dereitos lingüísticos!

CONTRACAPA

> IAGO VARELA MARTÍNEZ

TELECO E BLOGUEIRO, COORDINADOR DA CAMPAÑA #ANDROIDENGALEGO

"Queremos Android en Galego? Moi ben, pidámolo"

Que vai significar que o Android 5.0 veña co galego de serie?

A inclusión do galego como opción de idioma a partir da versión 5.0 de Android é un gran fito para a nosa lingua, xa que esta pasa a estar presente nos teléfonos, tablets e outros trebellos que empregan este sistema operativo, que hoxe en día teñen unha cota de mercado superior ao 90% no noso País. Desde o punto de vista dos usuarios multiplícanse as opcións á hora de elixir que dispositivos mercar, xa que a inclusión do galego será un feito e non dependerá dos fabricantes, e desde o punto de vista dos desenvolvedores facilítase a adaptación das aplicacións á nosa lingua, xa que esta será a predefinida se temos esa opción, no canto de ter que acudir a menús para seleccionala, como acontecía até o de agora.

Pero algúns teléfonos Android xa tiñan opción de galego, non?

Si pero non. Cando Google desenvolve unha nova versión de Android pona a disposición dos fabricantes, para que estes poidan introducila nos seus dispositivos. Algúns destes fabricantes aproveitan para mudar esta versión de software, tanto esteticamente como con funcionalidades extra. Nos últimos anos houbo algún que aproveitou estas modificacións para introducir unha "falsa" tradución ao galego, limitada aos textos dos menús e pouco máis. A novidade agora é que a versión inicial que distribúe Google xa vai en galego e non se trata só dunha tradución de menús, senón da integración da nosa lingua no sistema.

Esta nova conquista para o galego é froito da presión dos usuarios e particularmente do éxito da campaña #AndroidEnGalego. Como se formulou esta campaña?

En Mallando no Android levamos anos traballando para ofrecermos a diario información sobre o mundo tecnolóxico, nomeadamente o ecosistema Android, na nosa lingua. Por iso tiñamos sempre moi presente esa eiva de non termos a



posibilidade de empregar os trebellos en galego. Vista a pasividade institucional pensamos que era o momento de pór en marcha a campaña #AndroidEnGalego. Nunha primeira fase solicitamos apoios individuais e de colectivos comprometidos coa nosa lingua, que foron enviados á sede principal de Google en California. Paralelamente tivemos unha xuntanza coa compañía nas oficinas de Madrid para expoñer a campaña e as nosas reivindicacións, ademais de diferentes contactos de seguemento até acadarmos o noso obxectivo.

Que podemos aprender do éxito desta iniciativa de cara o futuro?

A principal lección, quizais a máis fundamental, é que hai que falar as cousas: queremos Android en galego? Moi ben, pidámolo. En certa medida asustábanos a idea de chamar ás portas dunha compañía da magnitude de Google para presentar a nosa solicitude, por medo a que nos deran coa porta nos fuciños. Nada máis lonxe da realidade: desde o primeiro momento tiveron unha actitude positiva cara a introdución do galego nos seus servizos e están a cumprir a súa palabra.

Tentaré a Xunta apuntarse o tanto co-

mo xa tentara facer cando se conseguiu o Twitter en galego?

Cando puxemos en marcha a campaña recibimos unha chamada da Xunta interesándose polo tema. Tivemos unha xuntanza e percibimos un interese polo espectáculo mediático, a publicidade institucional e apuntarse un tanto que non se correspondía co que pretendiamos coa campaña, polo que rexeitamos ese apoio. Tentar apoderarse dese éxito colectivo sería moi deleznable.

O pasotismo e pasividade da Xunta contrastan coa importante mobilización e implicación da sociedade civil en defensa da lingua. Deixamos de agardar pola Administración ou debemos insistir en que cumpra coas súas obrigas?

Neste momento o Goberno do PP non está a cumprir coas súas obrigas en materia de lingua, como en moitas outras temas. Por iso temos que seguir reivindicando que traballen a prol do galego, ao tempo que debemos organizarnos para levar adiante iniciativas que consigan aumentar a presenza do galego na sociedade.

Os datos dinnos que o uso da lingua esmorece entre a xente moza. Porén, é no ámbito tecnolóxico ou na rede, que tra-

dicionalmente se asocian a estas franxas de idade, onde semella que o galego está a conseguir os avances máis significativos. Como valoras isto? Hai razóns para o optimismo?

A comunidade galega na rede é moi activa e ten unha actitude positiva cara a nosa lingua. Isto evidénciase en feitos como que o galego é das primeiras linguas ás que se traducen as distribucións de software libre ou no entusiasmo que xeran iniciativas como Twitter en galego ou #AndroidEnGalego. Foise conseguindo que mesmo sectores castelanfalantes empreguen as redes sociais ou os seus trebellos na nosa lingua por sentila máis próxima, e isto a medio prazo é positivo.

Cal pensas que debería ser a próxima conquista do galego no ámbito tecnolóxico?

Tecnoloxicamente adoitamos diferenciar servizos, como pode ser unha rede social, e trebellos. Estes últimos son as ferramentas que empregamos para disfrutar dos servizos, polo que a galeguización tecnolóxica debe comezar por eles. Neste momento urxe que os produtos de Apple poidan ser empregados 100% na nosa lingua, polo que ese debería ser un dos principais obxectivos a conseguir.